



PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS (2) PRAZAS DE ECONOMISTA EN QUENDA LIBRE, INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2020, 2021 e 2022 3ª FASE DA CONVOCATORIA (QUENDA LIBRE)

ANUNCIO SOBRE REALIZACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO

Infórmase aos/ás aspirantes ao proceso selectivo que durante a realización do primeiro exercicio, previsto para o xoves **día 30 de abril de 2026 ás 17:00 horas** na Aula da Policía Local (entrada polo lateral do edificio do Concello de Vigo por Paseo de Granada) que **todos os dispositivos electrónicos** (teléfonos móbiles, smartwatches, tablets, etc) terán que estar **totalmente apagados/desconectados e introducidos nunha bolsa de plástico transparente e pechada, que se depositará no chan xunto ao aspirante ata que remate a proba.**

Lémbrese ás persoas aspirantes que a proba efectuarase en **chamamento único**, debendo comparecer provistas de **DNI e bolígrafo.**

Os certificados de asistencia, que se precisaran, pediranse no momento do chamamento e expediranse, de ser posible, ao final do exercicio.

PUBLICACIÓN ACORDOS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA SÚA SESIÓN CONSTITUTIVA (15/04/2026)

En relación á forma de desenvolvemento das sesións:

Na sesión constitutiva que tivo lugar o 15/04/2026, o órgano de selección, en cumprimento do establecido na Base 8.4.2 das Xerais (BOP nº 107 do 03/06/2024), acordou que as sesións desenvolveranse de forma presencial .

Aclaración en relación ao desenvolvemento do primeiro exercicio:

Solicitada aclaración por un aspirante acerca de como se vai a desenvolver o primeiro exercicio o tribunal acorda publicar a seguinte aclaración:

As bases específicas da convocatoria (BOPPO núm. 21, de data 31 de xaneiro de 2025 e rectificación en BOPPO núm 73 de data 16 de abril 2025) establecen :

"Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio- Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de dúas horas, un tema de composición determinado polo órgano de selección no momento de realizar a proba, que garde relación directa cun dos temas do programa, elixido por sorteo numérico.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2026 10:56	Páxina 1 de 2
47851-220	CSV: ACBBA1-8E3A26-8C33BA-TWKM3Q-MDYTWB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle ás o aos aspirantes calquera explicación complementaria que considere oportuna."

Á vista da regulación transcrita, o tribunal tras o chamamento único e toda vez que os aspirantes xa estean sentados nos seus sitios, procederá en primeiro lugar ao sorteo dun tema entre os 90 temas que compoñen o temario, de seguido se retirarán para deliberar o tempo que sexa necesario para determinar o tema de composición, que estea relacionado directamente co tema que resultou elixido no sorteo.

Seguidamente se lles trasladará aos aspirantes o título do tema de composición determinado polo Tribunal e comenzará o tempo do exame.

A Secretaria do Órgano de Selección (sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2026 10:56	Páxina 2 de 2
47851-220	CSV: ACBBA1-8E3A26-8C33BA-TWKM3Q-MDYTWB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		